

VENRES AMBIENTAIS

Centro de Información e Investigación Ambiental - Lourizán

Conferencia: Estudos xenéticos na conservación do salmón atlántico (<i>Salmo salar</i>)	
Ponentes	*María Saura, *Paloma Morán e **Pablo Caballero *Área de Xenética - Universidade de Vigo **Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán
Data e hora	Venres, 30 de xuño ás 13 h
Lugar	Salón de Actos do Centro de I. e I. Ambiental de Lourizán
Síntese	<p>O salmón atlántico en Galicia sufriu dende finais dos anos 80 un severo declive nas súas poboacións. Por elo, en 1992 se puxeron en marcha traballos destinados a lograr a súa recuperación ou ó menos frenar o seu declive, entre eles cabe destacar as labores de cría en cativeiro destinadas a incrementar a abundancia mediante repoboacións.</p> <p>O programa de repoboación do salmón Atlántico en Galicia ten unha dimensión a nivel xenético que se desenvolve na área de Xenética da Universidade de Vigo. Os obxectivos deste programa inclúen, (1) proporcionar un incremento demográfico no número total de adultos de retorno mediante a cría en piscifactoría, e (2) manter un censo efectivo alto, de modo que se evite a perda de variabilidade xenética. O mantemento dun alto nivel de variabilidade xenética é imprescindible en calquera poboación natural para evitar a súa extinción. O incremento da consanguinidade como consecuencia dunha desaconsellada xestión dos cruces na piscifactoría, desembocará en depresión consanguínea, e por ende, en extinción.</p> <p>Para estudar a dinámica xenética das poboacións de salmón, utilizamos a análise de loci microsatélites. Os microsatélites son secuencias de ADN non codificante que se repiten en tándem, cun motivo de repetición que pode variar entre unha e seis pares de bases. Debido ó seu alto grado de polimorfismo, constitúen unha ferramenta adecuada para o estudo de parámetros poboacionais. Nun estudio recente, detectamos que a composición xenética das poboacións dos ríos Ulla e Lérez cambiou lixeiramente, e son máis similares actualmente que durante a primeira metade do século XX, época na que as poboacións de salmón non se atopaban todavía ameazadas.</p> <p>Estase observando tamén unha progresiva recuperación da poboación do río Lérez. A situación privilexiada da estación de captura a 3 Km da desembocadura, permítenos tomar mostras de todos os adultos que retornan ó río para reproducirse. Dado que esta especie viu a súa, cando menos, "virtual" extinción neste río a principios dos 90, o éxito do programa de repoboación faise patente neste sistema, do que podemos calificar "baixo control". Este feito tan pouco común en sistemas fluviais con peixes migradores, constitúe un modelo excelente para o estudo de diferentes parámetros poboacionais. Atópase entre os nosos obxectivos máis cercanos o comprobar o éxito das desoves na piscifactoría ou determinar o balance adultos río- adultos piscifactoría para optimizar o programa. A posibilidade de asignar paternidades ós individuos abre un amplo panorama de perspectivas, permitindo realizar análises máis finas, e que de outro modo, serían imposibles de levar a cabo.</p>